

CIENCIAS SOCIAIS

1º) Escolle o concepto correcto ao que corresponden as seguintes definicións:

- A Terra é unha esfera case perfecta, por iso, a forma máis axeitada de representala é... globo terráqueo planisferio
- A forma de reproducir a imaxe esférica do planeta sobre unha superficie plana é ... globo terráqueo planisferio
- O mapa que representa todo o planeta Terra é ... globo terráqueo mapamundi
- O símbolo que representa a orientación dos puntos cardinais é ... rosa dos ventos rosa mosqueta
- A relación entre o tamaño do mapa e o do lugar que representa é ... a lenda a escala

2º) Escolle a definición correcta de escala.

A escala é a indicación que nos permite saber cal é a equivalencia entre a realidade e o debuxado nun mapa ou plano. As escalas poden ser gráficas e numéricas.

A escala é a lenda que nos permite saber a que corresponde cada tipo de mapa o plano que consultamos. As escalas poden ser políticas e físicas.

3º) Escolle cal é a distancia real en km que hai entre os dous puntos de un mapa separados por 17 cm si a escala é 1:250.000.

- 37 kilómetros.
- 25 kilómetros.
- 42,5 kilómetros.

4º) Observa a seguinte imaxe e une co nome correspondente:



mapa plano

5º) Observa as seguintes imaxes e escribe a que tipo de mapa corresponden:



político físico temático político físico temático

6º) Escribe a que tipo de mapa corresponden as seguintes definicións:

- Recollen as diversas entidades políticas nas que se divide un territorio.
físico político temático
- Recollen as tendencias meteorolóxicas nin período de tempo amplo.
físico político temático
- Sinalan lugares de especial interés para os viaxeiros.
físico político temático
- Recollen a rede de autoestradas e autovías dunha determinada zona.
físico político temático
- Son aqueles nos que se representan as características do relevo da superficie do planeta.
físico político temático
- Mostra a situación atmosférica nun tempo determinado.
físico político temático
- Recollen os diferentes tipos de vexetación nun lugar concreto.
físico político temático

7º) Une os conceptos coa súa definición:

- | | |
|---------------------------|--|
| ● Latitude: | É unha liña imaxinaria que divide á Terra nos hemisferios Oeste e Leste. |
| ● Lonxitude: | É a distancia entre calquera punto da Terra e o Ecuador. |
| ● Ecuador: | É unha liña imaxinaria que divide a Terra nos hemisferios Norte e Sur. |
| ● Meridiano de Greenwich: | É a distancia entre calquera punto da Terra e o meridiano de Greenwich. |



8º) Completa as seguintes afirmacións:

Histórico mapa político ventos cardinais meridiano trópico

- O _____ de Cáncer e o _____ de Greenwich coninciden en Arxelia.
- As viaxes de Colón representanse nun mapa_____.
- Unha rosa dos _____ sinala onde quedan os catro puntos_____.
- Os principais cauces dos ríos aparecerán case seguro nun_____.

9º) Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

- Un mapa político representa as diferentes divisións administrativas dun territorio. Verdadeiro falso
- Un mapa histórico pode recoller a ruta que seguiu un navegante hai 500 anos. Verdadeiro falso
- Un mapa económico céntrase en sinalar o trazado do metro. Verdadeiro falso

10º) Sinala con que representamos as seguintes realidades:

- Representación gráfica da clase. Plano mapa globo terráqueo
- Representación gráfica das estancias dun monumento. Plano mapa globo terráqueo
- Representación gráfica das estradas da nosa comunidade. Plano mapa temático globo terráqueo
- Representación gráfica dos obxectos da túa habitación. Plano mapa globo terráqueo